

**Expediente núm.:** 6839/2023

**Memoria Xustificativa**

**Procedemento:** Contrato de *Servizos* por Procedemento *AbertoSimplificado*

**Asunto:** Prestación do servizo de organización e execución dos seguintes programas culturais: Escolas municipais de teatro e de danza

**Documento asinado por:** Concelleiro de Cultura

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. Introducción

As clases de teatro levan desenvolvéndose de forma regular desde finais dos anos noventa ata a actualidade, en diferentes espazos escénicos municipais, pero preferentemente no Auditorio municipal. Durante todo este tempo foron moitas as persoas participantes, as persoas responsables de impartir as clases e as liñas de traballo postas en funcionamento. Algunhas das persoas que pasaron por este servizo traballan na actualidade de forma profesional en diferentes ámbitos do sector teatral.

As clases de danza levan varios anos impartíndose para dar resposta á demanda de actividades de dinamización e expresión. Trátase de clases concibidas como un espazo de aprendizaxe, creatividade e expresión física para nenos, nenas e adultos, así coma unha oportunidade de relación e interacción social nun espazo lúdico e nun tempo de ocio, ao longo de todo o ano.

### 2. Descrición da situación actual

#### a. Situación na Institución

Na actualidade, tanto no caso das clases teatrais como das de danza, as clases comezarán no mes de outubro e terán continuidade ata o mes de maio de 2025 en caso de que non entren antes en vigor os contratos correspondentes.

Para dar resposta a esta demanda de actividades e posibilitar a continuidade da prestación dos anteriores servizos, e posto que o Concello do Carballiño carece de medios persoais propios e coa suficiente cualificación necesaria para o correcto desenvolvemento de ditas actividades, e dado que existen empresas dedicadas profesionalmente a estas tarefas, parece axeitado pór en marcha estes servizos a través da contratación dunhas empresas con solvencia suficiente nas materias correspondentes.

#### b. Marco normativo

- A Administración e a promoción da cultura: A Constitución Española de 1978 garante o acceso universal da cidadanía á cultura e obriga aos poderes públicos á súa consecución. O artigo 44 recolle que "os poderes públicos promoverán e tutelarán



acceso á cultura, á que todos teñen dereito".

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local recolle no artigo 25 a capacidade do municipio para xestionar os seus intereses, estando no ámbito das súas competencias a promoción de actividades e a prestación de servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.
- O municipio, conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, exercerá en todo caso como competencias propias nas seguintes materias:
  - Promoción da ocupación do tempo libre.
  - Promoción da cultura e dos equipamentos culturais.
- Protección dos menores: De conformidade co exixido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

### 3. Obxecto do contrato. Código CPV

O obxecto do presente contrato é a contratación dun servizo de organización e execución dos seguintes programas culturais: Escola de teatro (lote 1), Escola de danza (lote 2).

Código CPV:

Lote 1: CLASES DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO
--

CPV: 80000000-4, Servizos de ensinanza e formación
--

Lote 2: CLASES DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA
---

CPV: 80000000-4, Servizos de ensinanza e formación
--

### 4. Análise Técnica

#### a. Consideracións técnicas e requirimentos

Os diferentes servizos que saen a contratación terán as seguintes características:

#### **Lote 1: Escola de teatro**

Para a Concellería de Cultura, a actividade teatral ocupa un espazo esencial dentro das súas liñas de programación. Mostra disto son as múltiples accións que se veñen realizando dende hai xa moitos anos nos ámbitos da formación, da difusión e da creación escénica.

Entendemos o teatro, como unha actividade dinámica e participativa, e queremos fomentar na veciñanza a súa utilización como elemento de reflexión sobre a realidade e como instrumento de expresión de ideas e sensibilidades sociais. A acción teatral participativa fomenta o



desenvolvemento integral da persoa utilizando unha serie de recursos e ferramentas que ben traballados permiten a mellora intelectual (aumentando a creatividade e o desenvolvemento da capacidade crítica), a mellora da afectividade (aumentando a autoestima, a capacidade de asumir responsabilidades, ...) e a mellora social (aumentando a capacidade de integración no grupo, a capacidade de participación e de asociación, favorecendo as relación de igualdade e cooperación. O feito de incorporarse a un grupo de teatro conleva atoparse con persoas de diferentes idades coas que poder intercambiar experiencias e vivencias diferenciadas, tomando así certa conciencia colectiva).

Cabe destacar o importante papel que xoga a propia acción teatral dentro da acción cultural da comunidade. O teatro é unha proposta de lecer que fortalece a relación crítica co entorno social converténdose nunha ferramenta útil non só como elemento de formación cultural, social e relacional das persoas, senón tamén como elemento de prevención social, funcionando como canalizador das enerxías individuais e grupais que favorecen o fortalecemento do tecido sociocultural.

A actividade dramática tamén debe entenderse como un proceso artístico e, ao igual que calquera experiencia nas artes, debe contemplarse como parte integrante do proceso formativo e educativo dunha persoa. As artes escénicas desempeñan unha importante labor social e educativa, por iso deben estar presentes no proceso de socialización dende idades temperás.

Os **obxectivos xerais** que se procuran co desenvolvemento das clases de teatro son os seguintes:

1. Ofrecer unha alternativa saudable de ocio e tempo libre.
2. Mellorar a calidade de vida das persoas.
3. Favorecer o desenvolvemento persoal, a integración e a participación social activa.
4. Aprender a traballar en equipo para fomentar a convivencia e o respecto aos demais.
5. Potenciar a capacidade de atención, de observación e concentración.
6. Estimular a percepción sensorial espacial.
7. Fomentar a creatividade
8. Estimular a imaxinación, a espontaneidade e a improvisación.
9. Promover o uso da lingua galega.
10. Favorecer a integración de colectivos marxinais.

Algúns dos **obxectivos máis específicos** que se pretenden alcanza co desenvolvemento das clases son:

1. Aprender diferentes técnicas de interpretación e representación para facilitar o control do xesto e da voz, a relación dramática co obxecto e o mellor aproveitamento do uso do espazo.
2. Aprender a expresar feitos acaecidos no noso entorno persoal, social ou cultural para proxectar a nosa personalidade en roles e personaxes, dentro dunha estrutura real ou ficticia, partindo dun esquema de improvisación dramática.
3. Facilitar a integración nun colectivo para superar as dificultades que implica a expresión



espontánea das ideas e sentimentos dun mesmo e a aceptación das que manifestan os demais.

4. Mellorar a capacidade de expresión e comunicación oral e corporal.
5. Converter o escenario nun espazo onde o alumnado poda explorar novas linguaxes de forma individual ou colectiva.

A continuación descríbense con máis detalle OS GRUPOS QUE SE QUE SE OFERTAN:

As clases de teatro teatrais están dirixidos a nenos/as e mocidade que se inician no teatro ou que xa teñen certa experiencia. Buscan potenciar as capacidades do alumnado mediante o uso da expresión oral e corporal traballando diferentes técnicas teatrais dende unha perspectiva principalmente lúdica, usando ferramentas como a dicción, a entoación, a proxección da voz, a colocación no escenario, a improvisación, o uso da memoria a manifestación de sentimentos. O alumnado aprende a traballar en equipo, a expoñer as súas ideas nun grupo, a falar en público e a controlar os seus impulsos co obxectivo de crear distintas escenas de forma colectiva.

- Un grupo infantil: dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos (Educación Primaria)
- Un grupo de iniciación: dirixido a rapaces e rapazas a partir dos 13 anos.
- Un grupo de perfeccionamento: dirixido a persoas a partir dos 13 anos.

## Lote 2: Escola de Danza

A area de cultura entende que a Escola de Danza debe concibirse como un espazo de aprendizaxe, creatividade, creación e expresión artística para todos os cidadáns, así coma unha oportunidade de relación e interacción social nun espazo lúdico e nun tempo de ocio.

Estas actividades achegarán aos participantes á experimentación e ao traballo con distintos materiais e técnicas de artes plásticas, así coma ao coñecemento das diferentes disciplinas artísticas e dos/as grandes autores/as.

A formulación didáctico e a organización de actividades atenderá aos seguintes principios:

- Enfoque saudable: disciplinas que axudan a mellorar o rendemento do noso corpo así como a consciencia que temos del e os seus movementos.
- Enfoque lúdico: Actividade como xogo e experimentación, como algo divertido e satisfactorio, nunca como obriga imposta.
- Motivación e estimulación: Atendendo sempre ao interese dos participantes, estimulando a súa imaxinación, creatividade e creación propia e persoal.
- Dificultade progresiva: Partindo do que os alumnos xa saben e adaptando as actividades ás capacidades e habilidades de cada un, así como aos diferentes ritmos de traballo.
- Globalización: Entendendo as diferentes actividades de expresión e creación artística interrelacionadas con conexións que lles dan sentido desde una perspectiva global.
- Ambiente cálido, acolledor e seguro: as clases coma un lugar tranquilo e relaxado, un espazo de comunicación e interacción no que estean presentes valores, actitudes e comportamentos de afectividade, comprensión, liberdade, seguridade, responsabilidade, amizade, diversión e



confianza.

- Coherencia e claridade nas normas de comportamento, o uso e coidado do material, o valor de compartir, a responsabilidade na recollida, o respecto aos demais, a valoración das producións propias e alleas, o recoñecemento do esforzo e o traballo, etc.

Os **obxectivos xerais** da Escola de Danza serán:

1. Ofrecer unha alternativa saudable de ocio e tempo libre.
2. Proporcionar ao alumnado una formación artística de calidade, que lles permita apreciar a importancia do baile como linguaxe artística e medio de expresión cultural e desenvolver a súa capacidade creativa, tomando conciencia das posibilidades de realización persoal e profesional que implica esta formación.
3. Potenciar a creatividade e a imaxinación e estimular a investigación, a sensibilidade artística e estética e o interese pola arte.
4. Introducir aos participantes no coñecemento e aprendizaxe das diferentes técnicas e na correcta utilización dos diferentes materiais e instrumentos.
5. Fomentar a autoestima e a valoración e apreciación das producións propias e dos compañeiros/as, respectando o traballo, axudándose e cooperando, tanto nos traballos de carácter individual como nas propostas colectivas.
6. Fomentar un ambiente de traballo libre, estimulante e acolledor, no que estea presente o divertimento e a aprendizaxe xunto á orde, o respecto e o interese e a responsabilidade
7. Implicar a todos e todas na responsabilidade común da conservación e o bo coidado do material de traballo, así como na recollida da aula ao remate da actividade compartida

Os **obxectivos específicos** van orientados a ofertar aos nenos e nenas unha ampla gama de actividades de creación artística e expresión plástica:

1. Experimentar coas diferentes técnicas coma métodos de expresión.
2. Achegar aos participantes ós diferentes tipos de baile e música, e facilitar un ambiente de expresión, relaxación, comunicación, e sobre todo diversión

OS GRUPOS QUE SE QUE SE OFERTAN:

- Un grupo ZUMBA FITNESS: para público en xeral.
- Un grupo de PILATES: para público en xeral.
- Un grupo de RITMOS LATINOS: para público en xeral.
- 2 grupos de FUNKY:       - de 5 a 7 anos  
                                  - a partir dos 8 anos

## 5. Análise Económica

### a. Estudo de mercado

Para a preparación da presente licitación non se realizaron consultas preliminares a operadores económicos activos no mercado, senón que se utilizaron as valoracións recentes e semellantes de traballos análogos realizados e proxectados polo Concello do Carballiño.



## Orzamento base de licitación (2 ANOS) IVE incluído: 43.628,53€

	LOTE 1	LOTE 2	1 ANO	2 ANO	OBL
Base	8.028,32€	10.000,00€	18.028,32€	18.028,32€	36.056,64€
IVE (21%)	1.685,95€	2.100,00€	3.785,95€	3.785,95€	7.571,89€
<b>TOTAL OBL</b>	<b>9.714,27€</b>	<b>12.100,00€</b>	<b>21.814,27€</b>	<b>21.814,27€</b>	<b>43.628,53€</b>

O prezo inclúe todo tipo de honorarios profesionais, desprazamentos, dietas, seguros, impostos e outros gastos de xestión.

O orzamento total de cada un dos contratos reflicte un valor calculado tendo en conta a demanda prevista na execución dos diferentes servizos organizados pola Concellería de cultura do Concello do Carballiño. Posto que a execución real dos servizos realizarase en función da demanda das clases, o orzamento real de execución podería ser inferior ao orzamento máximo estimado. Tamén no caso de que as horas necesarias para a preparación de exposicións dos traballos realizados no caso da Escola de Danza sexa menor ao previsto inicialmente.

Asemade, no caso de que a demanda nalgunha clase superase o máximo previsto inicialmente o importe estimado podería ampliarse ata un 15 % máis por cada lote e ano, despois de garantir que existe consignación orzamentaria suficiente e axeitada.

### b. Valor Estimado

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, desagregaríase da seguinte forma:

	LOTE 1	LOTE 2
Importe de licitación (IVE excluído)	16.056,64€	20.000,00€
Incremento de unidades de execución	-----	-----
Importe das modificacións previstas (IVE excluído)	-----	-----
Importe dos premios ou primas pagadeiros aos licitadores (IVE excluído)	-----	-----
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	-----	-----
Prórroga (IVE excluído)	8.028,32€	10.000,00€
<b>TOTAL</b>	<b>24.084,96€</b>	<b>30.000,00€</b>
<b>TOTAL VALOR ESTIMADO</b>	<b>54.084,96€</b>	

## 6. Análise do Procedemento



#### a. Xustificación do procedemento

Con base nas necesidades descritas nos apartados anteriores e ao obxecto do contrato, considérase que o procedemento máis axeitado para levar a cabo a licitación deste contrato de servizos é o Procedemento Aberto, xa que se cumpren as condicións establecidas no artigo 156 da LCSP, ao non darse as circunstancias previstas no artigo 159 da mesma disposición nin ter a contía necesaria para ser considerado un contrato de regulación harmonizada.

#### b. Cualificación do contrato

Segundo a presente Memoria Xustificativa, considerando o seu obxecto e natureza, o contrato de servizos rexerá polas normas do dereito administrativo.

#### c. Análise de execución por lotes

A división por lotes dos diferentes servizos mencionados anteriormente na presente memoria, xustifícase pola especificidade das actividades que son obxecto de cada un dos contratos. Ademais cómpre salientar que de non dividir en lotes o obxecto do contrato estaríase restrinxindo inxustificadamente a competencia e a libre concorrência.

#### d. Duración

A duración total do contrato para ambos lotes será de 2 exercicios (8 meses de outubro a maio) coa posibilidade da prórroga de 1 exercicio (8 meses de outubro a maio), quedando condicionado á formalización, o inicio e o lugar ao preaviso do departamento competente.

A duración do contrato contase a partir do día seguinte ao da formalización do contrato ou dende a data fixada no documento contractual e cunha terminación obrigatoria no mes de maio de cada exercicio, podendo verse reducido o prazo de execución por causas de forza maior, se a imposibilidade fose definitiva ou o atraso do cumprimento impida a finalidade do contrato para ambas partes ou para unha delas, procederáse á resolución e á liquidación económica da relación contractual.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

Estímase que os contratos comezarán o 01/10/2024

LOTE 1-CLASES ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO	Nº ESTIMADO HORAS DOCENCIA
<b>A. CLASES DE TEATRO</b> - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 6 horas/semana (distribuídas en luns e xoves de sesións de 60 ou 90 min.) - 3 grupos (segundo idades e niveis) - Realización dunha mostra teatral a finais de curso	185
<b>TOTAL</b>	<b>185</b>



LOTE 2-CLASES ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA	Nº ESTIMADO HORAS DOCENCIA
<b>A. Clases de Zumba Fitness</b> - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 1 hora/semana (distribuídas de luns a xoves en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 1 grupo	32 h
<b>B. Clases de Pilates</b> - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 1 hora/semana (distribuídas de luns a xoves en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 1 grupo	32 h
<b>C. Clases de Ritmos latinos</b> - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 1 hora/semana (distribuídas de luns a xoves en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 1 grupo	32 h
<b>D. Clases de Funky</b> - 8 meses de outubro a maio ambos incluídos - 2 horas/semana (venres en sesións de 50 min. en horario de tarde-noite) - 2 grupos	64 h
<b>TOTAL</b>	<b>160 h</b>

## 7. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente con 80 puntos, puntuaranse de forma decrecente

- Prezo total ofertado en euros: terase en conta o importe total ofertado, IVE excluído. Á oferta de menor contía entre todas atribuiráselle a valoración máxima (80 puntos). O resto das ofertas serán valoradas de forma inversamente proporcional, de acordo á seguinte formula:

$$\text{Puntuación} = (\text{puntuación máxima} \times \text{oferta máis baixa}) / \text{oferta a valorar.}$$

B. Criterios subxectivos máximo 20 puntos

Criterios subxectivos técnicos relacionados coa calidade: ata 10 puntos, á proposta técnica presentada a través dunha memoria descritiva das actividades desenvolvidas, no últimos tres anos, que será avaliada polo departamento técnico





competente.

Criterios cualitativos técnicos relacionados coa calidade: ata 10 puntos, á proposta técnica presentada a través dunha memoria descriptiva das actividades para desenvolver durante a duración do contrato que será avaliada polo departamento técnico competente.

## 8. Conclusións

Sendo o fomento da cultura e a ocupación do tempo libre competencias propias municipais (artigo 25.1 LRBRL) con todo, para o seu cumprimento, o Concello carece do persoal propio con formación específica que a prestación require, polo que vén ser necesario, ante a falta de recursos humanos, a contratación do servizo. A especialización da formación requirida para este servizo, e o carácter dependente da demanda do municipio para configurar a entidade do servizo, aconsellan a xestión externa por empresa especializada, facendo de difícil encaixe a prestación directa polo municipio.

Co fin de dotar unha continuidade ao servizo propónse unha contratación de 2 exercicios (8 meses por cada un deles) de duración e á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e sendo o criterio de adxudicación a mellor oferta económica, de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Documento asinado electronicamente por Diego Fernández Nogueira, concelleiro de cultura do Concello do Carballiño

